



SESION EXTRAORDINARIA DE 30 DE XULLO DE 2019

(Acta Número 10)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D^a. M^a. Elena Candía López
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira

Secretario:

D^a. María Esther Alvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do **día trinta de xullo de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Alvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- REXIME DE SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO.

Logo de ver a proposta da Presidencia en relación co asunto sinalado no epígrafe, do seguinte teor:

“En virtude das facultades que me confire a lexislación vixente e o Regulamento Orgánico desta Corporación, propono ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

Réxime de Sesións do Pleno e da Xunta de Goberno.

- Sesión ordinaria do Pleno, o último martes de cada mes, ás once horas, e se fose festivo, á mesma hora do día seguinte; declarándose inhábil o mes de agosto para a celebración de sesión plenaria ordinaria.

- Xunta de Goberno, os venres de cada semana ás once horas e trinta minutos. De non celebrarse no día e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria á mesma hora do mércores seguinte, e salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrarase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil. Todo elo sen prexuízo de que a Xunta de Goberno poida cambiar por acordo da mesma o día e a hora da celebración das súas sesións, dando conta ó Pleno da Corporación, de conformidade cos arts. 100 e 101 do Regulamento Orgánico da Corporación.

Non obstante o Pleno da Corporación, decidirá”.

Intervén en primeiro lugar a Sra. Secretaria para comunicar, como así se indicou xa aos Grupos Políticos que manifestaron a súa conformidade, que se produciu un erro na proposta en canto ó réxime de sesións da Xunta de Goberno no que se refire á hora de comezo da mesma, debendo figurar as once horas no canto das once horas e trinta minutos.

Polo tanto realízase a corrección do dito erro quedando fixada a hora de comezo da Xunta de Goberno ás once horas.



Intervén o Sr. Presidente para preguntalle ós Grupos Políticos desexan debate sobre este punto, indicándolles que irá dando o turno de intervención en primeiro lugar ao Grupo maioritario e seguirá unha orde rotatoria de acordo co sinalado no Regulamento Orgánico.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Como lle transmitín á voceira do Goberno, e a vostede mesmo, unha vez que esta proposta foi consensuada, este Grupo renuncia ó debate nos puntos que se someten a votación”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, Voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“No mesmo sentido o Grupo Socialista, logo de ver o diálogo establecido para chegar a acordos nos diferentes puntos deste Pleno, renunciámos ó debate”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Tamén no mesmo sentido, dado que xa hai un consenso, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego renunciámos ao debate”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

2.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“De conformidade cos arts. 123, 124, 125 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e cos arts. 60, 61 e 62 do Regulamento Orgánico da Corporación, propono ó Pleno da Corporación os seguintes acordos:

1º.- A creación das seguintes Comisións Informativas:

1.- Comisión Xeral de Asuntos do Pleno

2.- Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas.

2º.- Cada Comisión estará integrada, ademáis de polo Presidente, que é Presidente nato de todas as Comisións, por sete membros, dos cales, tres serán do Grupo Popular, tres do Grupo Socialista e un do Bloque Nacionalista Galego.

3º.- Tales Vogais serán designados polos Grupos Políticos correspondentes, cuxos Voceiros o comunicarán ó Presidente da Corporación no prazo de cinco días á aprobación do presente acordo.

4º.- Os Grupos poderán substituir a un ou varios dos seus membros adscritos a unha Comisión, por outro ou outros do mesmo Grupo, previa comunicación escrita do Voceiro ó Presidente da Corporación. Se a substitución fora só por un determinado asunto ou sesión, a comunicación farase verbalmente ou por escrito ó Presidente da Comisión”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

3.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ORGANOS COLEXIADOS.

Logo de ver a proposta de nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, que di o seguinte:



“En virtude das facultades que me confire a lexislación vixente así como o Regulamento Orgánico desta Corporación, propono ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

Nomear representantes da Corporación en Organos Colexiados, do seguinte xeito:

- **COMISIÓN TERRITORIAL DE PATRIMONIO HISTÓRICO DOCUMENTAL ARTÍSTICO**

Un representante a designar polo Grupo Provincial do BNG

- **COMISIÓN PROVINCIAL MEDIO AMBIENTE:**

Un representante a designar polo Grupo Provincial Socialista

- **COMITÉ PROVINCIAL CRUZ ROJA LUGO**

Dous representantes a designar un polo Grupo Provincial Socialista e outro polo Grupo Provincial do BNG.

- **COMISIÓN GALEGA PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A DROGODEPENDENCIA:**

Un representante a designar polo Grupo Provincial Popular.

- **CONSELLO TERRITORIAL PROPIEDAD INMOBILIARIA:**

Un representante a designar polo Grupo Provincial Popular

- **MESA TÉCNICA PLAN INTEGRAL DE MELLORA XENÉTICA:**

Un representante a designar polo Grupo Provincial Socialista

- PADROADO DE SARGADELOS:

Un representante a designar polo Grupo Provincial do BNG

- XUNTA CONSULTIVA RESERVA CAZA ANCARES:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Popular.

- CONSELLO INTERINSTITUCIONAL DO MENOR:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Popular.

- FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS:

O Ilmo. Sr. Presidente, e dous representante a designar un polo Grupo Provincial Socialista e outro polo Grupo Provincial do BNG.

- PADROADO FUNDACIÓN ROF CODINA:

O Ilmo. Sr. Presidente, e dous Deputados mais a designar un polo Grupo Provincial Socialista e outro polo Grupo Provincial do BNG.

- COMISIÓN GALEGA DE PROTECCIÓN CIVIL:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- DESENVOLVEMENTO RURAL DO RIO LOR:

Dous representantes, a designar un deles polo Grupo Provincial Socialista e outro polo Grupo Provincial do BNG.



- CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENCIOS

O Ilmo. Sr. Presidente e dous representantes máis, a designar un deles polo Grupo Provincial Socialista e outro polo Grupo Provincial do BNG.

- CONSELLO XERAL DO CONSORCIO “OS PEARES”.

Un representante a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- COMISION GALEGA DE DELIMITACION TERRITORIAL:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Popular.

- CONSELLO DE EMPADROAMENTO:

Un representante a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- CONSELLO ASESOR TELECOMUNICACIÓNS E AUDIOVISUAL DE GALICIA:

Un representante a designar polo Grupo Socialista.

- CONSELLO GALEGO DE SERVICIOS SOCIALES E DOS CONSELLOS PROVINCIAIS DE SERVICIOS SOCIAIS:

Dous representantes, a designar un deles polo Grupo Provincial Socialista e outro polo Grupo Provincial do BNG.

- PADROADO DA FUNDACIÓN “UNIVERSIDADE VIRTUAL DE GALICIA”.

Un representante, a designar polo Grupo Socialista.

- **CONSELLO DE DIRECCIÓN DO CONSORCIO DO AUDIOVISUAL DE GALICIA**

O Ilmo Sr. Presidente e un Deputado máis a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- **COMITÉ ASESOR DO PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DE LUGO**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- **PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial do BNG.

- **CONSELLO GALEGO DE SAÚDE**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- **CONSELLO DE ADMINISTRACION DO ENTE PUBLICO PORTOS DE GALICIA**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial do BNG.

- **ASOCIACION RUTA DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial do BNG.

- **ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CIUDADES DEL VINO**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial Socialista.



- **FUNDACION DOS FERROCARRILES DE GALICIA**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- **CONSELLO DE ADMINISTRACION DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- **ASEMBLEA XERAL DO FORO 21 DE MEDIO AMBIENTE E SOSTENIBILIDDE**

Un representante, a designar polo Grupo Provincial Socialista.

- **CONSELLO DE GOBERNO IBADER**

Un representante do Grupo Provincial Socialista e outro do Grupo Provincial do BNG.

- **COMISIÓN REITORA DO CAMPUS TERRA**

Un representante do Grupo Provincial Socialista

- **ASOCIACIÓN TERRAS DE MIRANDA**

Un representante do Grupo Provincial Socialista

- **FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

Un representante do Grupo Provincial Socialista.

- **CONSELLO MUNICIPAL DE TURISMO**

Un representante do Grupo Provincial Socialista.

- **CONSORCIO UNIVERSITARIO UNED Lugo**

Un representante do Grupo Provincial Socialista.

Os Grupos políticos designarán de entre os seus membros aos representantes que corresponda en cada órgano colexiado no prazo máximo de cinco días”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

4.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, SOBRE NOMEAMENTO DE VICEPRESIDENTES.

Dáse conta da Resolución da Presidencia de data dezaoito do presente mes de xullo, que textualmente di o seguinte:

“De conformidade co sinalado nos arts. 61.3, 66, 67 e 68 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; e en virtude das facultades que me confire o art. 55 do Regulamento Orgánico da Corporación, en relación cos arts. 35.4 e 34.3, ambos da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Régimen Local, e art. 104.2 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, **RESOLVO:**

Nomear Vicepresidenta da Excma. Deputación Provincial de Lugo á Deputada Provincial dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

A Vicepresidenta substituirá ó Presidente en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento de cualquera orde.



O presente Decreto terá aplicación desde o día da data, sen prexucio de dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación e da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O Pleno da Corporación queda enterado.

5.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO.

Dáse conta da Resolución da Presidencia de data vinte e catro do presente mes de xullo, que textualmente di o seguinte:

“De conformidade co sinalado nos arts. 61.2, 72 e 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; e en virtude das facultades que me confire o art. 58 do Regulamento Orgánico da Corporación, en relación co 35.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e art. 104.4 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, **RESOLVO:**

Nomear membros da Xunta de Goberno, ós seguintes Deputados Provinciais:

- D. José Tomé Roca
- Dna. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Dna. M^a del Pilar García Porto
- D. Pablo Rivera Capón
- Dna. Mayra García Bermúdez
- D. Roberto Fernández Rico
- D. Xosé María Arias Fernández
- D. José Luis Raposo Magdalena
- Dna. Mónica Freire Rancaño

O Presidente poderá delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta, de conformidade co disposto no art. 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; art. 63.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 59 do Regulamento Orgánico da Corporación.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O Pleno da Corporación queda enterado.

6.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, SOBRE NOMEAMENTO DE DELEGADOS.

Dáse conta da Resolución da Presidencia de data vinte e catro do presente mes de xullo, que textualmente di o seguinte:

“De conformidade co disposto no art. 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en relación co art. 72 do Regulamento Orgánico desta Excm. Deputación de Lugo; 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO:**

Primeiro.- Conferir delegación para as áreas que se citan a continuación ós seguintes Deputados Provinciais:

➤ **AREA DE XESTIÓN TERRITORIAL, D. José Tomé Roca** que asumirá directamente as materias de Vías e Obras, Parque Móbil e Unidade de Proxectos.

➤ **AREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO, D^a. M^a del Pilar García Porto** que asumirá directamente as materias de Goberno Interior, Asuntos Xerais, Recursos Humanos, Promoción do Territorio e Turismo.



- **AREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, D. Pablo Rivera Capón** que asumirá directamente as materias de Proxectos Europeos, Innovación e TIC's, Transparencia, Emprego e Benestar Social.
- **AREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, D^a. Mayra García Bermúdez.**
- **AREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, D. Roberto García Pernas.**
- **ÁREA DE MULLER E IGUALDADE, D^a. María Loureiro García.**
- **AREA DE COOPERACION E ASISTENCIA AOS CONCELLOS, D. Xosé María Arias Fernández.**
- **AREA DE FORMACIÓN, ENSINO, E ECONOMÍA DO COÑECEMENTO, D^a. Ana M^a González Abelleria.**
- **AREA DE MEDIO AMBIENTE, D. José Luis Raposo Magdalena.**
- **AREA DE RECURSOS SOSTIBLES, D. Roberto Fernández Rico** que asumirá directamente as materias de Centro de Recría e Finca Gayoso Castro e Finca Pazo de Tor.
- **AREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA, D. Efrén Castro Caloto.**
- **AREA DE MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE, D^a. Mónica Freire Rancaño.**
- **AREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón.**

Segundo.- As delegacións xerais conferidas esténdense ás facultades de xestionar os servizos en xeral e en especial dirixilos e realizar propostas referentes á materia das áreas

delegadas. Serán informados de todo aquilo que, aínda sendo competencia doutra Area, teña relación coa súa.

Así mesmo todos os delegados participarán, sempre que sexa posible, en Comités e Consellos e demais organismos de xestión administrativa cando a competencia destes puidera ter relación ca Area á que se refire a delegación.

O Presidente reservase expresamente as facultades de ditar actos administrativos resolutorios, solventando sen máis trámite calquera conflito que se puidera presentar nas delegacións.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O Pleno da Corporación queda enterado.

7.- COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DESIGNACIÓN DOS SEUS VOCEIROS.

1º.- Dáse conta do escrito presentado por D^a. M^a. Elena Candia López, D. Pablo José Taboada Camoira, D^a. Dolores Castro Ochoa, D. Agustín Baamonde Díaz, D. Javier Jorge Castiñeira, D. José Jesús Novo Martínez, D. Oscar Poy Franco, D. José Antonio García López, D. Jesús Manuel Núñez Díaz, D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao, e D. José Ángel Santos Sánchez, mediante o cal manifestan que se constitúen en Grupo Político denominado “Grupo Provincial do Partido Popular”.

Ó mesmo tempo designan como voceira do dito Grupo a Dna. M^a. Elena Candia López; como suplente primeiro a D. Javier Jorge Castiñeira; como suplente segundo a D. Agustín Baamonde Díaz; e como suplente terceiro a D. José Antonio García López.

O Pleno da Corporación queda enterado.



2º.- Dáse conta do escrito presentado por D. José Tomé Roca, Dna. M^a. del Pilar García Porto, D. Pablo Rivera Capón, Dna. Mayra García Bermúdez, D. Roberto Fernández Rico, Dna. Ana M^a. González Abelleira, D. Xosé María Arias Fernández, Dna. María Loureiro García, D. José Luis Raposo Magdalena, e D. Roberto García Pernas, mediante o cal manifestan que se constitúen en Grupo Político denominado “Grupo Provincial Socialista”.

Ó mesmo tempo designan como voceira do Grupo a D^a. M^a. del Pilar García Porto, e como voceiros/as suplentes, indistintamente, a D. Pablo Rivera Capón, Dna. Mayra García Bermúdez, D. Roberto Fernández Rico, Dna. Ana M^a. González Abelleira, D. Xosé María Arias Fernández, Dna. María Loureiro García, D. José Luis Raposo Magdalena, e D. Roberto García Pernas.

3º.- Dáse conta do escrito presentado por Dna. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, D. Efrén Castro Caloto, e Dna. Mónica Freire Rancaño, mediante o cal manifestan que se constitúen en Grupo Político denominado “Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego”.

Ó mesmo tempo designan como voceiro do citado Grupo a D. Efrén Castro Caloto, como primeira suplente a Dna. Mónica Freire Rancaño, e como segunda suplente a Dna. Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

O Pleno da Corporación queda enterado.

8.- PROPOSTA SOBRE RÉXIME DE RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN ÓS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Logo de ver a proposta da Presidencia en relación ao réxime de retribucións e indemnizacións ós membros da Corporación, do seguinte teor:

“De conformidade co disposto no número catro do art. 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, art. 75 da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, art. 225 de la Ley 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta Presidencia eleva ó Pleno da Corporación Provincial a seguinte proposta de acordo:

A).- Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva:

1. Presidencia: As retribucións, en cómputo anual e contía, serán de 67.562,74 euros, por considerar que as funcións do cargo así o esixen como inherentes ó mesmo ao representar á Deputación Provincial, presidir todas as Comisións, Sesións, Xuntas, Comités, etc. E que se considera tamén indispensable a súa non dedicación á calquera outra actividade remunerada.

2. Vicepresidencia:

- Dona Tareixa Antía Ferreiro tallón. A cantidade de 61.196,10 euros.

As retribucións serán en cómputo anual, por considerar que as funcións do cargo así o esixen como inherentes ó mesmo, e resultar indispensable a súa non dedicación a calquera outra actividade remunerada.

3. Deputados/as Provinciais:

- Dedicación exclusiva á Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo.
- Dedicación exclusiva ó Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social.
- Dedicación exclusiva á Deputada Delegada da Área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas.
- Dedicación parcial do 50% ó Deputado Delegado da Área de Participación Cidadá.
- Dedicación parcial do 50% á Deputada Delegada da Área de Muller e Igualdade.
- Dedicación parcial do 75% ó Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos.



- Dedicación exclusiva á Deputada Delegada da Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento.
- Dedicación parcial do 75% ó Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente.
- Dedicación exclusiva ó Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles.
- Dedicación exclusiva ó Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.
- Dedicación exclusiva á Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade.

As dedicacións exclusivas poderán utilizarse ou non, e terán un importe de 53.613,14 euros. As dedicacións parciais do 75% serán de 40.209,85 € e as dedicacións parciais do 50% serán de 26.806,57 euros. En todo caso estes importes correspóndense cos existentes na actualidade sen incrementar as cantidades a percibir.

4. Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva pertencentes a Grupos Políticos.

1.- Ao Grupo Provincial Popular corresponderalle o importe de tres dedicacións exclusivas e unha parcial do 50%, a repartir en dedicacións completas ou parciais segundo consideren.

As dedicacións exclusivas poderán utilizarse ou non, e de facelo serán distribuídas na forma que se propoña polo Voceiro do Grupo Político Provincial, de xeito que as dedicacións exclusivas terán un importe de 53.613,14 euros e as dedicacións parciais terán un importe de 26.806,57 euros.

B).- As dedicacións exclusivas e parciais no seu caso, terán efectos desde a aceptación por parte do/a interesado/a; a excepción da que corresponde á Presidencia que terá efectos desde a súa toma de posesión o pasado día dezoito de xullo.

C).- As cantidades asignadas por dedicación exclusiva ou dedicacións parciais percibiranse mensualmente (14) na parte que corresponda.

D).- Estas cantidades serán revisadas automáticamente cada ano, nos termos previstos na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para os empregados públicos.

E).- O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, e no Tablón de Editos do Pazo Provincial”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

9.- PROPOSTA SOBRE ASIGNACIÓN ECONÓMICA ÓS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN.

Logo de ver a proposta da Presidencia relativa á asignación económica ós Grupos Políticos da Corporación, que textualmente di o seguinte:

“En relación coa asignación económica ós Grupos Políticos da Corporación, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Asignación económica ós Grupos Políticos da Corporación:

- Compoñente fixo: 4.000 euros/mes para o Grupo Político.
- Compoñente variable: A razón de 1.500 €/mes por cada membro do Grupo Político correspondente.

2º.- A liquidación realizarase mensualmente e terá efectos desde o día 30 de xullo de 2019, data de celebración da sesión plenaria na que se adopta o acordo”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.



10.- PROPOSTA SOBRE DETERMINACIÓN DO CADRO DE PRESOAL EVENTUAL.

Logo de ver a proposta en relación co asunto que figura no epígrafe, do seguinte teor:

“En relación coa determinación de personal eventual da Excm. Deputación Provincial de Lugo, despois de consultados os Grupos Políticos Provinciais e de conformidade co disposto no artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 250 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta Presidencia eleva ó Pleno a seguinte proposta de acordo:

1º.- O número, denominación e retribución do personal eventual da Deputación Provincial de Lugo correspondente a cada Grupo Político será o que a continuación se indica:

GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
2	ASESOR/A NIVEL II	44.126,08 €	88.252,16 €
2	ASESOR/A NIVEL III	36.734,84 €	73.469,68 €
2	ASESOR/A NIVEL IV	32.975,44 €	65.950,88 €
2	ADMINISTRATIVO/A DE APOIO	25.302,82 €	50.605,64 €
			278.278,36 €

GRUPO PROVINCIAL POPULAR

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
2	ASESOR/A NIVEL II	44.126,08 €	88.252,16 €
1	ASESOR/A NIVEL IV	32.975,44 €	32.975,44 €
			121.227,60 €

GRUPO PROVINCIAL DO BNG

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
3	ASESOR/A NIVEL III	36.734,84 €	110.204,52 €
			110.204,52 €

2º.- O número, denominación e retribución do personal eventual da Deputación Provincial de Lugo correspondente a cada Area de Goberno, será o que a continuación se indica:

AREA DE PRESIDENCIA

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
1	ASESOR/A NIVEL II	44.126,08 €	44.126,08 €
3	ASESOR/A NIVEL III	36.734,84 €	110.204,52 €
2	ASESOR/A NIVEL IV	32.975,44 €	65.950,88 €
1	ADMINISTRATIVO/A DE APOIO	25.302,82 €	25.302,82 €
			245.584,30 €

AREA DE VICEPRESIDENCIA

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
1	ASESOR/A NIVEL II	44.126,08 €	44.126,08 €
3	ASESOR/A NIVEL III	36.734,84 €	110.204,52 €
			154.330,60 €

3º.- As retribucións do persoal eventual devengarase desde o momento da aceptación do cargo polo nomeado. E incrementaranse anualmente nos termos previstos para os empregados públicos nas Lei de orzamentos xerais do Estado. Séndolles de aplicación así mesmo as prestacións complementarias de que gozan os empregados públicos da Excm. Deputación Provincial de acordo co Convenio Colectivo e Acordo Marco Unico”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

E non sendo outro o obxecto da sesión, dáse por terminado o acto, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.